

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

A Presidencia desta Corporación, por resolución número 28188, do 10 de xuño de 2025, aprobou o padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, correspondente ao exercicio 2025, do Concello da Pobra do Caramiñal, que de conformidade co disposto no artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, delegou na Corporación as facultades que a lei lle atribúe en materia de xestión tributaria e de recadación, relativa ao mencionado imposto.

O padrón fiscal quedará exposto ao público na Deputación provincial (rúa Archer Milton Huntington, 24, 15071 A Coruña) onde poderá ser examinado polos interesados durante o prazo comprendido desde o **1 de xullo ao 14 de agosto de 2025**, ambos os dous inclusive.

As consultas poderán realizarse a través do correo electrónico atención.tributaria@dacoruna.gal ou chamando ao teléfono 9814159004.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

Durante o devandito prazo de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra os actos que se notifican, perante a Presidencia desta Deputación, o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no **PRAZO DUN MES**, contado desde o día seguinte ao de finalización do anteriormente devandito período de exposición pública do padrón fiscal. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpor, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, recurso contencioso-administrativo, no **PRAZO DE DOUS MESES** contados desde o día seguinte ao da notificación da dita resolución. Se non recae resolución no **PRAZO DUN MES** contado desde o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no antedito artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

A Coruña, (asinado dixitalmente)

O presidente,
PDFR 29/08/2023
O deputado

José Ramón Rioboo Castro

O secretario

Miguel Iglesias Martinez